

## CIRCULAR 88/2016

- A todas as Delegacións (\*)
- Aos clubs e adestradores

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

### CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE 60 e 60v

Lugo, 21 de xaneiro do 2017

**Art.1)** O día 21 de xaneiro terá lugar o **Campionato de Galicia Absoluto de 60 e 60 valados** no módulo do Gregorio Pérez Rivera de Lugo. O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Lugo.

**Art.2)** Poderán intervir todos aqueles atletas que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2016/17) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A. aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

*\*\*Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

*\* Os atletas non galegos que non teñan ficha dilixenciada pola FGA ou os atletas fichados por un club galego que non teñan ficha dilixenciada pola FGA poderán participar nos Campionatos de Galicia cuxo regulamentos o permita pero non poderán proclamarse campións de Galicia ni terán acceso a medalla oficial si se clasificaran en postos que deran dereito a elo. En ningún caso poderan quitar plaza na mellora ou final correspondente a outro atleta..*

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 17 de xaneiro do 2017**

**Art.4)-** Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba, segundo o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

**Art.5)-** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas clasificados do Campionato Absoluto, sendo obrigatorio cumprir o protocolo de premios para subir ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

**Art.6)-** Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.7)-** Durante o transcurso do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificara nas eliminatorias e non participase



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



na ronda seguinte ou ben que confirmara a inscrición e non participe. Agás casos autorizados directamente polo comité técnico.

**Art.8)-** En tódalas carreiras, a confección das series realizarase en función dos rexistros que posúan os atletas na presente tempada, ou no seu defecto na tempada anterior. Antes da saída, comunicarase ós/ás participantes o sistema de clasificación para a seguinte rolda en caso de que a houbera, decidida pola organización

**Art.9)-** Será obrigada a presentación na cámara de chamadas, debidamente acreditados mediante licenza, D.N.I, ou calquera outro documento con foto, incluídos os que figuran en plataformas informáticas, dentro dos prazos estipulados, para poder participar.

### SAÍDA A PISTA TRALA PRESENTACIÓN CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras: 10min antes da hora oficial da proba

Entrada en Cámara de chamadas, ata cinco minutos antes da saída oficial a pista.

Os atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man o gardada.

**Art.10)** Horario provisional do Campionato (o horario definitivo publicarase en función do número de inscritos):

16:30: 60 masculino- Eliminatorias  
17:00: 60 feminino- Eliminatorias  
17:30: 60v masculino- Eliminatorias  
17:40: 60v feminino- Eliminatorias  
17:50: 60 masculino- FINAL A e B  
18:00: 60 feminino- FINAL A e B  
18:10: 60v masculino- FINAL  
18:15: 60v feminino- FINAL

MÍNIMAS MASCULINAS			
MARCAS REALIZADAS NA TEMPADA 2015/16 (dende 31/03/ 2016)		MARCAS REALIZADAS NA TEMPADA 2016/17 AO AIRE LIBRE OU PISTA CUBERTA	
PROBA	ABSOLUTO	PROBA	ABSOLUTO
100	11.50	50	6.30
200	23.00	60	7.40
110v	18.24	200	24.00
400v	1.03.14	50 v	8.54
		60 v	10.04

MÍNIMAS FEMENINAS	
MARCAS REALIZADAS NA TEMPADA 2015/16 (dende 31/03/ 2016)	MARCAS REALIZADAS NA TEMPADA 2016/17 AO AIRE LIBRE OU PISTA CUBERTA



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



PROBA	ABSOLUTO	PROBA	ABSOLUTA
		<b>50</b>	7.10
<b>100</b>	13.00	<b>60</b>	8.35
<b>200</b>	27.30	<b>200</b>	28.30
<b>100v</b>	19.54		
<b>400v</b>	1.15.54	<b>50v</b>	9.04
		<b>60v</b>	11.04

**Art.11)** O acceso ao módulo será restrixido, existindo cámara de chamadas. O adestradores que queiran poder entrar no módulo deberán enviar un e-mail a [fgatletismolugo@gmail.com](mailto:fgatletismolugo@gmail.com) antes do venres día 13 de xaneiro para recibir acreditación para o acceso.

**Art.12)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexa inscribir o atleta, pudiendo ser esta denegada.

**Art.13)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da F.G.A, R.F.E.A e I.A.A.F.

VictorArufeGiraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 23 decembro de 2016